



À Buxaina

CEIP MANUEL MASDÍAS

Nº 26 - XUÑO 2010




Maite Real Mahía - 6º





A Buxaina












ASÍ VEN "OS BOLECHAS" OS NENOS E AS NENAS DE 3 ANOS





HOMENAXE A PEPE CARREIRO






ASÍ VEN "OS BOLECHAS" OS NENOS E AS NENAS DE 3 ANOS



HOMENAXE A PEPE CARREIRO





No festival "Gallaecia" do Nadal



No Entroido





ESTABAN OS CASTREXOS E OS ROMANOS
OS SUEVOS, VISIGODOS,
VIQUINGOS E NORMANDOS.

DE RONCESVALLES VEÑEN, ATA SANTIAGO,
FACENDO O CAMIÑO
A PÉ OU A CABALO.

A ESCURIDADE CHEGA Á NOSA LINGUA
SÓ TEMOS OS REFRÁNS,
OS CONTOS, AS CANTIGAS.

E CHEGA ROSALÍA, PONDAL, MURGUÍA
CON VERSOS E CANCIÓNS
CO HIMNO DE GALICIA.

O CACIQUISMO CHEGA E A EMIGRACIÓN,
CASTELAO E RISCO,
A NOVA XERACIÓN.





E NACE O ESTATUTO,
A NOSA AUTONOMÍA,
O GALEGO É OFICIAL,
NACIÓN RECOÑECIDA.

E AQUÍ REMATA A HISTORIA
DA NOSA GALLAECIA,
DENDE OS CASTREXOS
Á IDADE MODERNA.








DE MAIOR QUERO SER...








DE MAIOR QUERO SER...





FACEMOS FLORES CON OVEIRAS



Coa chegada da primavera facemos flores con oveiras. Para o día da nai así aprendemos as partes da flor, coideamos o medio ambiente e aproveitamos cartos. Os pasos a seguir son os seguintes:

- A mesa mestra corta un cutter, o saínte que resulta de catro ocós para ovos, ahí, se a corda da flor.



- De seguida nos pintamos a corola da flor.
- Despois usamos uns paus de plástico que nos diron nunha zapatería e que VÍCTOR dentro dos zapatos novos. Os cubrimos con la verde, enrolándos ata cubrir o pau, que será o talo da flor.
- A continuación, pegamos e barnizamos con Alkil, o cáliz da flor, feito con plastilina verde.
- Finalmente, pegamos o talo á flor con cola de contacto. Enriba de todo pegamos e barnizamos, unha bolinha feita con plastilina amarela, que fará de polen.





Araña Dorotea
 Dorotea a araña
 puxo as súas luvas dela
 Dorotea a araña
 puxo os seus zapatos quentes
 Dorotea a araña
 puxo a súa gran capa
 Dorotea a araña
 puxo o seu gran gorro.



Ainhoa, Xam e Xoán (1º curso)



No Manuel Masdías fomos todos disfrazados

O pasado 12 de febreiro no colexio Masdías de Caranza celebrámo-lo Entroido. Nós, os de segundo, fomos disfrazados de Romanos, tamén había Viquingos e Castrexos.

Fomos de comparsa con música, despois queimámo-lo Meco e, por último, comemos lambetadas.

Pasámolo moi ben.



Ó longo do curso vimos moitas cousas dos Romanos, nas páxinas seguintes imos contarvos algunhas.




COMPARACIÓN DA VIDA ENTRE ROMA E A ACTUALIDADE	
Na Antiga Roma	Na Actualidade
A Octavio espertáboas a súa nodriza.	A min espértame a miña nai.
Octavio vestíase con túnica	Eu visto con chándal.
As nenas na Antiga Roma podían ir ó colexio ata os 12 anos, despois tocaban a lira, cantaban...	As nenas na actualidade van ó colexio ata os 12 anos, despois seguen estudando no instituto.
A nai de Octavio dedícase a bordar e controlar os escravos.	A miña nai é froiteira. Outras son profesoras, amas de casa, secretarias...
Na casa de Octavio as tarefas fanas os escravos.	Na miña casa as tarefas fanas os meus pais.
Os útiles escolares eran punzóns e táboas enceradas.	Os meus útiles son lapis, cadernos, libros, gomas...
Octavio, cando sexa maior, quere ser gladiador.	Nós queremos ser: futbolistas, policía, veterinarios, profesora...

Esta é a reprodución dun mural que fixemos na aula, despois de ler un conto sobre a vida de Octavio e buscar información en libros que temos na aula.



XOGOS NA ANTIGA ROMA

1) TRES EN RAIA



Materiais necesarios:

- Un taboleiro como o que se mostra.
- 9 fichas brancas
- 9 fichas negras

Número de xogadores: 2

Instrucións:

O obxectivo deste xogo é colocar tres fichas en raia, e o xogador que o consiga pode quitar unha ficha do adversario, se esta non é parte dunha formación de tres en raia. As 9 fichas que ten cada xogador poranse alternativamente tentando colocar as propias fichas en liña e impedindo que o faga o adversario.

Unha vez colocadas tódalas fichas hai que mover, podendo facer só un movemento por vez, ou sexa pasando dun punto ó seguinte punto libre seguindo a liña trazada.

2) TIRAR DA CORDA

Materiais: Unha corda longa.

Número de xogadores: os que se queiran apuntar, iso sí, debe ser número par.

Instrucións:

Fórmanse dous equipos de xogadores.

No medio da corda átase un pano.

Faise unha raia no chan co pé.

Cada equipo tirará dun lado da corda, poranse uns tras outro e tirarán todos á vez. O equipo que consiga que o primeiro xogador do outro equipo cruce a liña, gañou.



3) AROS

Materiais:

- un aro
- unha varriña


Número de xogadores:

Os que queiran xogar dende 1 ata...

Instrucións:

Consiste en facer rodar o aro impulsándoo coa vara.

Tódolos xogadores se poñen en paralelo e parten a unha meta distante, ao menos uns cen metros. Será gañador o que primeiro a acade.



OUTROS XOGOS NA ANTIGA ROMA

- CANICAS

Era un xogo popularísimo entre os nenos romanos. O primeiro emperador, Cesar Augusto baixaba da súa liteira para unirse ó xogo das canicas que practicaban os nenos na rúa. Fabricábanse de vidro transparente.

- BUXAINA

Tiñanas moi decoradas e tamén as xiraban polas rúas.

- BONECAS

Xa tiñan bonecas articuladas, que se podían mover e tamén lles cambiaban a roupa.

- PELOTAS

Tiñan un xogo parecido ao rugby de hoxe en día.

- MARIOLA

Algunhas fontes din que este xogo tivo o seu orixe no exército romano. Adestraban coa armadura posta para mellorar a súa habilidade no campo de batalla.

A dieta

Na clase de coñecemento do medio estamos estudando a alimentación humana e para aprender máis máis fomos á Parque Raíña Sofía, metémonos nunha casa na que dúas monitoras nos dan unha ficha sobre a alimentación e despois lemos cada unha a súa ficha en alta.

Fixemos grupos de catro e seguindo o que nos ensinaron da pirámide fixemos cada alimentos no seu sitio.

A última actividade foi facer unha pirámide para lembrar como debemos alimentarnos ben.

E cando nos fomos, regaláronnos as nosas pirámides alimentarias.



As nosas lecturas

Xabier Docampo veu charlar cos nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º da nosa colexio.

Primeiro lemos algúns dos seus libros e despois fixemos debuxos e actividades sobre as lecturas. Durante a charla, na biblioteca, díxonos que sempre levaba unha agenda no peto para apuntar as ideas dos seus libros.

Os nenos e nenas fixeron moitas preguntas. El respondía con moitas bromas. Gustaríame que viñesen máis autores.

Pepe Carreiro estivo no noso colexio para darnos unha charla sobre os primeiros poboadores de Galicia.

Debuxou uns castrexos, romanos, viquingos e tamen algunhas das súas pezas de roupa e modo de vida.

Tamen estivo despois na biblioteca cos máis pequenos debuxándolles os personaxes dos Boletas.

Era moi simpático e debuxaba de marabilla.

Na biblioteca fixemos unha actividade artística para coñecer e celebrar o centenario do nacemento do pintor Luís Seoane.

Proxectáronnos imaxes da súa vida e das súas obras.

Ao final, fixemos un traballo manual sobre o mar con papeis charcol de cores.





Teatro no Samalvín
 No mes de novembro no noso colexio celébrase o Samalvín.
 O noso curso preparou o conto "Corre, corre Tabaciña" en versión teatral para representala no festival.
 Aprendemos todo o conto de memoria. Escollemos os personaxes para cada un. Vestiamos algúns para poder participar todos. Fixemos as careutas e preparamos o escenario.
 Representamos a obra dúas veces. Pola mañá, para os nenos e nenas da escola, e pola tarde, para os nosos pais e nais.
 Salunos moi ben e aplaudíronnos moito.
 O conto está na nosa biblioteca e podemos lelo cando nos apetea.



O día do libro
 O mércores, 21 de Abril saímos de excursión para celebrar a "Festa da lectura do libro e da palabra" que organizou o Concello de Lantón. Saímos do colexio no autobús, fomos ata o centro da cidade. Despois de esperar un pouquiño na Fundación Caixa Galicia, chegou Lucía Aldán coa que fixemos un montón de xogos con palabras. Os profesores/as quedaron fóra. Cando rematamos regaláronnos libros de Juan Fariñas para a biblioteca do colexio.
 Ao chegar subimos á base e salamos da experiencia coa nosa profesora Dili. Torra a sereca e fomos á casa.

O Entroido
 O día que celebramos o Entroido, no noso colexio os nenos e nenas de terceiro disfrazámonos de costrexos e costrexas.
 Tamén ían do mesmo os de 3º e 5º.
 Os cursos de 2º, 6º e 5º son de Romanos e Romanas e os de 1º, 4º e 4º son de viquingos e viquingas.
 Todos estes disfraces viñeron este ano porque estamos estudando a historia de Galicia.



Día das Letras Galegas 2010
 Cada ano preto do día das Letras Galegas, a Real Academia dedícalle o Día das Letras a un escritor ilustre. Este ano dedícalleslle a Uxío Novoneyra.
 Nós, os de terceiro, estudamos a súa vida e queremos compartir con vós o que aprendemos. Uxío Novoneyra vivía en Parade do Laurel, na provincia de Lugo. Logo estudou a bacharelato na cidade de Lugo, trasladouse a Madrid para comezar a carreira de filosofía e letras. Nesta cidade é donde publica os seus primeiros poemas e están escritos en Castellán.
 No ano 1973, de volta a Galicia, xa entra en contacto con diferentes intelectuais galegos de Santiago de Compostela, o que o leva a cabo a escribir sempre en lingua Galega. Casou no ano 1973 con Elisa Rei e tiña 3 fillas: Branca, Berta, Ariana e Uxío.
 Foi presidente durante 17 anos da Asociación de escritores en lingua Galega. Uxío escribiu uns poemas coñecidos como Os Eidos, a súa obra máis emblemática. Falouse en Santiago de Compostela un 30 de Outubro do ano 1999.
 Pois isto é todo, esperamos que vos interese.

Visita ás Fragas do Eume.
 Saímos da escola nun autobús. Cando chegamos un home moi amable nos recibiu. ¡ Estaba agardándonos! Metémonos dentro dunha aula e vimos paneis sobre o río Eume e o que sucede se tiramos lixo nel.
 A continuación, vimos un vídeo sobre os animais que habitan nas Fragas: surizos, raposos, esquíos, moitos pascanos, etc.
 Ao final, demos un paseo seguindo o cauce do río e cruzámonos por unha ponte colgante. Na estrada vimos varias pintegas esmagadas polos coches, tamén apañamos castañas.
 Antes de regresar tomamos unha morenda ao lado das papeleiras para non estragar a natureza.



Os Animais non son xoguetes
 Fomos a unha excursión que nos fan a ensinar causas dos animais. Estaba no Centro Cultural Carballo Calero. Entramos e na porta había un can moi bonito. O veterinario explicounos que ao can abandonárono e el o adoptou. Aprendemos moitísimas causas, por exemplo, que un can necesita moitos amigos. Cando rematou a conferencia, a Concelleira ofrecéunos participar no concurso "Os Animais non son xoguetes" e nós aceptamos. O concurso consistía en facer un debuxo dos coidados que necesitan os animais. Todos fixemos un debuxo e había 3 premios. O 1º premio gañouno eu, Tais, e foi unha tñi e un lote de libros, O 2º premio gañouno Noa Moreira e O 3º premio gañouno Noa González e os dous foron un lote de libros.

Diario de Ferrol Martes, 22 de decembro de 2009 **11**
Tais Bieito, do Manuel Masdías, gañadora do concurso "Un animal non é un xoguete"





Fixemos moitas saídas ao longo do curso para ver obras, exposicións ou lugares que nos axuden a coñecer mellor o mundo que nos rodea:

▲ Teatro no Xofre.

Asistimos a unha representación na que unha árbore moi velliña conversa a un leñador de que non debía talala porque era necesaria para a vida no noso planeta.

▲ A lagoa da Frousceira

Visitamos a lagoa da Frousceira cunha monitora que nos foi ensinando as árbores típicas e as aves mariñas que alí viven. Fixo un día bonito e pasámolo moi ben.

▲ Homenaxe a Juan Farias.

Este ano o Concello quixo homenaxear ao escritor ferrolán, nacido en Serantes, Juan Farias. Visitamos a exposición na que se amosaba a súa vida e obra. Na nosa biblioteca temos algunhas das súas obras.

▲ Conto musical "Pedro e o Lobo"

No conservatorio Xan Viana vimos un conto no que os personaxes estaban representados por instrumentos musicais.





Investigamos sobre:

O Horóscopo celta das árbores.

4º CURSO



As árbores e os bosques foron símbolos de vida e protección na astroloxía celta e ao seu redor foi desenvolvida toda a súa cultura.

Os bosques representaban catedrais para os druídas, que eran a clase intelectual da súa sociedade e que vivían nas Illas Británicas polo ano 1000 AC. Desempeñaban funcións relixiosas, pero non se limitaban unicamente a elas, xa que tamén exercían outras disciplinas como a medicina, a filosofía, a astronomía e a maxia.

O horóscopo celta druída aseméllase ao calendario lunar druída de 13 meses. Identificaban os meses do ano co nome da árbore que florecía nese período.

Nos bosques levaban a cabo as súas festas, rituais e cerimoniais, o poder dos deuses atopábase misticamente en cada unha das árbores do bosque, cada árbore era consagrada a un deus, e simbolizaba unha virtude.

Asinóuselle un nome e unha propiedade a cada lúa, e ademais asinóuselle unha árbore a cada lúa, de acordo coas súas propiedades máxicas. Cada unha das fases lúa-árbore tomaba un xénero e atopábase baixo a protección do deus que o amparaba. Era tal a importancia do bosque e das árbores que albergaba que cada un dos caracteres do alfabeto druída correspóndese coas iniciais das súas árbores protectoras.

Os celtas asociaron cada árbore cunha época do ano e usaron un horóscopo composto por 21 árbores.

Dúas árbores para os equinoccios:

- Oliveira para o equinoccio de outono (23 de setembro)
- Carballo para o equinoccio de primavera (21 de marzo)

Outras dúas árbores para os solsticios:

- Bidueiro para o solsticio de verán (24 de xuño)
- Faia para o solsticio de inverno (22 de decembro)

As 17 árbores restantes: abeto, chopo, pradairo, abeleira, castiñeiro, freixo, carpe, árbore das limas, maceira, olmo, cerdeira, cedro, ciprés, nogueira, piñeiro, salgueiro chorón e figueira, distribuídos en períodos equidistantes e opostos.

Busca a data do teu nacemento para saber que horóscopo celta tes:

23 decembro a 1 xaneiro- **Maceira.**

2 xaneiro a 11 xaneiro- **Abeto.**

12 xaneiro a 24 xaneiro- **Olmo.**

25 xaneiro a 3 febreiro- **Ciprés.**

4 febreiro a 8 febreiro- **Chopo.**

9 febreiro a 18 febreiro- **Cedro.**

19 febreiro a 28 febreiro- **Piñeiro.**

1 marzo a 10 marzo- **Salgueiro chorón.**

11 marzo a 20 marzo- **Lima.**

21 marzo – **Carballo.**

22 marzo a 31 marzo- **Abeleira.**

1 de abril a 10 de abril- **Freixo.**

11 de abril a 20 abril- **Pradairo.**

21 abril a 30 abril- **Nogueira.**

1 maio a 14 maio- **Chopo.**

15 maio a 24 maio- **Castiñeiro.**

25 maio a 3 xuño- **Cerdeira.**

4 xuño a 13 xuño- **Carpe**

14 xuño a 23 xuño- **Figueira.**

24 xuño- **Bidueiro.**

25 xuño a 4 xullo- **Maceira.**

5 xullo a 14 xullo- **Abeto.**

15 xullo a 25 xullo- **Olmo.**

26 xullo a 4 agosto- **Ciprés.**

5 agosto a 13 agosto- **Chopo**

14 agosto a 23 agosto- **Cedro**

24 agosto a 2 setembro- **Piñeiro**

3 setembro a 12 setembro- **Salgueiro chorón**

13 setembro a 22 setembro- **Lima**

23 setembro- **Oliveira**

24 setembro a 3 outubro- **Abeleira**

4 outubro a 13 outubro- **Freixo**

14 outubro a 23 outubro- **Pradairo**

24 outubro a 11 novembro- **Nogueira**

12 novembro a 21 novembro- **Castiñeiro**

22 novembro a 1 decembro- **Cerdeira**

2 decembro a 11 decembro- **Carpe**

12 decembro a 21 decembro- **Figueira**

22 decembro- **Faia.**



Estas son, resumidas, as características principais da personalidade dos alumnos desta clase:

ALBA e máis **XOSÉ ANTONIO** (11-11 e 30-04 respectivamente) NOGUEIRA




É unha persoa implacable, estraña e chea de contrastes. A miúdo egoísta, agresiva, nobre, de horizontes amplos, de reaccións inesperadas, espontánea, de ambicións sen límites, nada flexible, é unha parella difícil e pouco común, non sempre agrada, pero é admirada, cun enxeño estratéxico, moi celosa e apaixonada, non se compromete.

MICHELLE (17-04) PRADAIRO. (A mente aberta)




Unha persoa fora de común, tímida, ambiciosa, orgullosa, segura de si mesma, con sede de novas experiencias, algunhas veces nerviosa, ten moitas complexidades, boa memoria, aprende rapidamente, cunha vida amorosa complicada, gústalle impresionar.

MARTA (30-12) MACEIRA (O amor)




Contextura lixeira, moito carisma, é unha persoa rechamante e atractiva, dunha aura agradable, coqueta, aventureira, sensible, sempre namorada, quere amar e ser amada, compañeira fiel e tenra, moi xenerosa, de talentos científicos, vive o día a día, filósofa despreocupada, con imaxinación.

DESIRÉE (19-09) ÁRBORE DA LIMA (A dúbida)



Acepta o que a vida lle dá dunha maneira moi complexa, odia pelexar, o estrés e o traballo, pero desgústa a preguiza e a ociosidade, é suave e sabe ceder, fai sacrificios polos amigos, de moito talento, pero non suficientemente tenaz para sacarlle proveito, laméntase quéixase a miúdo, é unha persoa moi celosa pero leal.

PAULA e máis **DIANA** (11-06 e 10-12 respectivamente) CARPE (O bo gusto)



Dunha beleza moi fresca, preocúpase pola súa aparencia e a súa condición económica, de bo gusto, non é egoísta, vive da maneira máis cómoda posible, de maneira razoable e disciplinada, busca bondade e coñecemento nunha parella emotiva, soña con amantes pouco usuais, a miúdo é feliz cos seus sentimentos, desconfía da maioría das persoas, nunca está segura das súas decisións, moi concienzuda.



JESSICA LÓPEZ (07-08) CHOPO (A incerteza)




É unha persoa cun alto sentido da estética, non é moi segura de si mesma, e valente só se é necesario, precisa rodearse de ambiente agradable, é moi selectiva, ás veces solitaria, moi entusiasta, de natureza artística, boa organizadora, intenta aprender a través da filosofía, é de fiar en calquera situación, asume as relacións moi seriamente.

ANXO (15 de xaneiro) OLMO (A mentalidade nobre)



De figura agradable, bo gusto no vestir, de esixencias modestas, tende a non esquecer os erros, alegre, gústalle mandar pero non obedecer, é unha parella honesta e fiel, gústalle tomar decisións polos demais, de mentalidade nobre, xenerosa, con bo sentido do humor, práctica.

SERXIO (16 agosto) CEDRO (A confianza)



É unha persoa dunha beleza estraña, sabe adaptarse, gústalle o luxo, de boa saúde, non é para nada tímida, tende a ver de menos as demais persoas, segura de si, con determinación, impaciente, gústalle impresionar aos demais, de moitos talentos, optimista, en espera do único e verdadeiro amor, capaz de tomar decisións rapidamente.

XURXO (1 abril) FREIXO (A sensibilidade)



É unha persoa chea de encantos, alegre, dá sen expectativas, gústalle chamar a atención, ama a vida, as emocións, non descansa, e incluso lle gustan as complicacións, é tanto dependente coma independente, ten bo gusto, é unha persoa artística, apaixonada, emocional, boa compañía, non esquece.

ELOI E GERSON (6 xaneiro ámbolos dous) ABETO (O misterio)



É unha persoa de moi bo gusto, dignidade, sofisticada, ama a beleza, temperamental, testá, tende ao egoísmo pero preocúpase por quen está cerca, máis ben modesta, moi ambiciosa, de moitos talentos, industriosa, amante insatisfeita, de moitos amigos e inimigos, moi confiable.

Non podemos pór aquí as demais árbores asociadas a cada sino deste horóscopo celta por razóns de espazo, pero se alguén quere consultar a súa personalidade segundo este horóscopo celta, pode facelo nun destes webs:

- www.astrologia24.com/horoscopocelta.php
- www.misabueso.com/esoterica/horoscopo/celta.php



CONTO COLECTIVO DE 4º CURSO

MALVADÍN E OS SEUS INVENTOS.

Había unha vez un científico malvado que se chamaba Malvadín. Era baixiño, tiña un nariz moi longo e aguzado, cun enorme grao na punta. O seu cabelo era branco e crespo. Sempre estaba tensionado e de mal humor, porque os seus experimentos sempre saían mal.

Vivía no sumidoiro, para evitar que ninguén coñecese o seus plans: inventar un raio capaz de converter as plantas en monstros xigantes e carnívoros.

Así, elas conquistarían a Terra, e el buscaría unha solución para acabar con elas ou desfacer os efectos do seu maléfico raio, e así quedaría como un heroe e acadaría sona, poder e cartos.

Nun principio o plan funcionou ben, pero houbo un fallo técnico, e todo se volveu ao revés: as plantas carnívoras cambiaron e, en vez de destruír á humanidade, empezaron a servila, axudándolles como se fosen os seus criados.



Malvadín púxose furioso, porque o seu plan outra vez fallara. Estaba empezando a traballar xa noutro invento para vingarse das plantas cando empezou a recibir cartas e correos electrónicos felicitándoo pola gran axuda que lles proporcionaba o seu invento: as plantas facían a comida e os demais labores do fogar ¡e ademais servían como canguros para os nenos!

Finalmente comprendeu que se sacaba máis proveito facendo o ben que o mal e dedicou o resto da súa vida a crear inventos cuxo fin fose rematar coa tristeza, coa fame e coa violencia do mundo. Creou tantos inventos que axudaron a que o mundo fose mellor, que lle concederon en varias ocasións o Premio Nobel da Paz e o da Ciencia, e foi moi feliz.

E colorín, colorado, este conto está rematado.

ENTREVISTA A IAGO AREA

Un compañeiro da nosa clase, Iago Area Fernández, acaba de acadar o 1º posto no campionato galego de baile de salón, e o terceiro posto no campionato de España, polo que decidimos facerlle unha entrevista para saber máis cousas del e do baile.

A que anos comezaches a bailar?

Empecei a bailar cando tiña oito anos.

Que é o que te atraeu do baile?

Apuntoume miña nai, probei e ao final gustoume.

Que sentes cando bailas?

Nas clases divírtome, nas competicións pónome un pouco nervioso.

En que categoría estás?

Na categoría C xuvenil.

Como chegaches a ser tan bo bailarín?

A base de clases de adestramento e exercicio físico.

A cantos campionatos asistiches?

A moitísimos, xa non levo a conta.

Como é o ranking de España?

É un listado onde aparecen todas as parellas federadas coas súas puntuacións. As mellores de primeiro e as peores de último.

Cantos trofeos tes?

Teño ao redor de 48, meus e da miña parella María, e unhas cantas medallas.

Son moi difíciles as coreografías?

Non, pero require moito traballo e esforzo; aínda que a partir da miña categoría teñen máis técnica.

Algunha vez esqueciches algún paso? Notouse?

Si, algunha vez si, pero non pasa nada, paras e empezas de novo.

Cal é o baile que máis che gusta?

O Jive porque é o máis divertido con respecto a todos.

Cres que chegarás a ser campión de España?

Todo é posible pero hai que adestrar moito.

Gustaríache cambiar ou continuar coa túa parella?

Non pensei nunca niso porque me levo moi ben con ela.

Que outras afeccións tes?

Gústame a música e a percusión.





Disque somos unha clase movida, faladora, inqueda, que sempre andamos metidos e metidas en leas, pero todos e todas estamos cheos de soños... Así que gustaríame ser....



... porque me gusta voar e tamén os avións.



... para converter aos profes en ras.

... para levar pistola e uniforme.



... porque me gusta o tenis de mesa.



... porque me gusta o mar e as ondas.



... para quitar aos meus pais de traballar.





... para estudar os planetas e as estrelas.




... para coñecelas e ser a súa amiga.

... para poder voar e ver todo desde o alto.



... para poder pasar moitas aventuras, igual que nos debuxos animados.



... para viaxar, montar unha escola e ser campión do mundo.



... porque quero ser ninja.



... porque me gustan as cores.



... para poder vivir nun palacio.






... quixera ser alta e estar nun equipo.



... para andar solto polo espazo.



... quixera xogar no meu equipo favorito.



... ser famoso, mola!

... para gobernar todo o que queira.

...porque é orixinal e gústame o mar.



... para tocar a gaita por todo o mundo.



O NADAL

Este ano, polo Nadal, participou todo o colexio nun festival no Centro Cívico de Caranza ó redor do proxecto "Gallaecia", sobre a historia de Galicia. Houbo proxeccións, representacións, recitados, música en directo (María Manuela, Leticia, Paco Barreiro, A Revolta de Trasancos, pais e nais).

Os e as de sexto fixemos moitas cousas, como a representación da *Lenda de Ith* (Aarón, Verónica, David,

Abraham, Javi, Martiño, Noemi e Paula); recitados de poemas con Talía (*Deitado rente ao mar*, Celso Emilio Ferreiro); Omar, Maite, Moi e Silvia (*Pra a Habana*, Rosalía de Castro); Marcos (*Falade galego*, Ramón Cabanillas); Álvaro (*Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico lonxe do terror*, Xosé Luís Méndez Ferrín). Borja e Antía leron o relato de Castelao, *O pai de Migueliño*.

Botamos alí toda a tarde e, cando rematou, cantamos todos e todas o Himno Galego e volvemos para o colexio.

O Nadal gustounos moito, porque no colexio facemos moitas cousas, e tamén porque é cando veñen os reis e traen agasallos.

Paula



SAÍDAS ESCOLARES

Reciclaterra

O día vinte de xaneiro fomos visitar Reciclaterra os cursos de 5º e 6º. Alí xogamos a un xogo no que nos dividimos en catro ou cinco equipos e faciamos a compra tendo que elixir entre dúas ou tres opcións de diferentes alimentos e obxectos, como queixo, desodorizante e que bolsa era máis ecolóxica e debiamos coller para facer a compra. Para saber que equipo facía a compra máis responsable déronnos una folla na que anotamos a marca, se tiña ou non envoltorio, e onde as monitoras e os monitores nos puxeron os puntos conseguidos.

Tamén fixemos papel. Tivemos que retallar en anacos pequenos o papel que sobrara de facer outras manualidades. Despois de metelo todo nun recipiente grande e cadrado, onde había auga ata aproximadamente a metade, collemos un batedor e batémolo entre todos ata que quedou pastoso. Máis tarde collemos unha rella e metémola ata o fondo do recipiente para sacalo de novo. Ó sacala, a rella tiña no seu interior esa especie de pasta. A continuación collemos panos de cociña e pasámolo por riba da pasta pouco a pouco e presionando despacio para que saíse a auga. Despois puxémolo dentro dunha folla de periódico para que secase e levámolo para o colexio. Volvemos ás doce.

Antía

Exposición "Auga, o sangue da terra"

O doce de novembro de dous mil nove, os cursos de quinto e sexto saímos á fundación Caixa Galicia ver unha exposición sobre a importancia da auga.

Fomos facendo unhas viaxes por uns carteis que representaban paisaxes e o bo uso da auga. Iamos pasando dun país a outro segundo nos indicaba a monitora. Fixemos un percorrido dende os fríos polos ata os países calorosos, onde se necesitaba máis o uso da auga. Observamos que os carteis representaban o perigo de estragar a auga.

Nalgúns países, como China, utilizaban a auga para o cultivo de arroz, pero noutros, non a estragaban, usábana o xusto porque nese lugar tiñan escaseza de auga.

A nós gustounos moito a experiencia que representaban as fotografías. Pareceunos que os carteis explicaban ben o de "A auga, o sangue da terra".

Eu penso que desta saída aprendemos moito e vimos que os adultos non esaxeraban cando dicían que moita xente morría ao ano pola fame.

Álvaro e Antía



O MAGOSTO E O SAMAÍN

Este curso celebramos o Magosto e o Samaín, como facemos sempre. Polo Magosto traballamos na clase sobre as castañas, os castiñeiros e os soutos, e fixemos todas as clases cadansúa castaña xigante. O día da festa comemos castañas asadas con leite.

O mesmo día celebramos o Samaín. Foi algo así. Ás cinco viñemos á escola e fixemos unha función boísima. Estaban A Gata Branca, Aquelarre, O Home do saco, Nubeira, Burra, Xelda, Alén, Moucha, Bruta, Marimanta e Papón. Tamén houbo actuacións doutros cursos. Despois fomos ao pavillón para comer castañas con leite. Cando xa era máis tarde fomos pasear as cabazas arredor do cole. ¡Eran moi bonitas!

Maite e Martiño



SAÍDAS ESCOLARES

As Fragas do Eume

Os cursos de cuarto, quinto e sexto o día vinte e un de outubro de dous mil nove, fomos ás Fragas do Eume.

Ao chegarmos, o monitor levounos a unha aula onde estaban representados os animais da fraga nuns carteis. Logo púxonos un vídeo da vexetación do lugar. Tamén había unha maqueta que, ao apertar un botón, iluminábase un sitio por onde pasaba o río Eume.

Despois de facer isto, fomos andando ata unha ponte colgante, que cruzamos en grupos de tres ou catro. Un pouco máis adiante atopamos unha corrixa, que son como recipientes feitos de pedra onde se recollían as castañas.

Agora vou falar sobre as árbores que poderías atopar na fraga: había castiñeiros, carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, pradairos, maciñeiras, salgueiros, abelairas... Tamén abundaban os animais: o bufo real, a londra, pínegas, a ra patilonga, a vacaloura... e moitísimos máis.

Foi unha experiencia moi boa, non só ir ás fragas senón coñecelas, que é o máis importante.

Álvaro

Un dous por un

O día xoves vinte e dous de abril do dous mil dez marchamos ó Teatro Xofre. Unicamente fomos os rapaces e rapazas de 6º do Masdías. Fomos a pé e á volta, o mesmo.

Ó chegarmos ó Teatro Xofre déronnos as entradas e dixéronnos, tamén, que era un pase exclusivo para nós, por tanto iamos estar sós.

Cando entramos xa soou a serea, polo tanto xa ía comezar. Saíu un home vestido de branco que estaba a facer de morto ouveando a música do himno galego. El comezou a falar sobre Uxío Novoneyra, comparouno cun lobo de prata, leunos poemas feitos por Uxío... Fíxose o gracioso dicindo frases e queréndonos asustar. Marchou arrastrándose polo chan. Só durou media hora.

Ó saírmos de alí fomos á Feira do libro, onde nos encontramos co actor. Algúns de nós mercamos libros; incluso os que non len!

Ó pouco tempo volvemos para o colexio, a pé.

Michelle

O ENTROIDO

O entroido é una das moitas festas que facemos no colexio. Sempre nos mandan un papeliño onde pon toda a información co programa. O xuízo do Meco este ano foi interpretado por nós, os nenos e nenas de sexto. Os personaxes foron: o alguacil (Álvaro), a xuíza (Maite), o fiscal (Martíño) e a avogada (Talía); logo as testemuñas: Moi, Michelle, Marcos, Javi, Silvia, Borja e Andrea.

Inventamos coplas por separado, logo eliximos as

mellores e xuntámolas para facer a da comparsa. Tamén o testamento de sexto, no que lles deixamos cousas ós nenos da clase, ás outras clases e ós profesores/as.

Antes de queimar o Meco, damos unha volta polo barrio coa comparsa cos disfraces que facemos nós (este ano de romanos/as). Despois de queimalo comemos todos xuntos no pavillón.

Moisés, Abraham e Silvia



O CINE

Este curso asistimos tamén á programación de Cinensino e vimos películas moi tenras e que amosan moitos valores, como a amizade, o esforzo, a sinxeleza, a coherencia... Foron: "Pérez II, o ratiño dos teus sonhos" (5/11), "Un amor por descubrir" (26/2) e "UP" (11/5).

Un amor por descubrir

"Un amor por descubrir" foi a primeira película que fomos ver este ano en Cinensino e tamén a primeira saída do 2010. A película, se me lembro ben, trataba sobre un rapaz que foi a Irlanda para visitar o seu tío. O rapaz namorouse da filla dun home que se levaba mal co seu tío. Entón, eles dous víanse ás agachadas. Pero un día decatáronse o pai da rapaza e o tío del e houbo lea.

Entón, o rapaz quería volver a E.U. porque el quería e o pai dela e o seu tío non o permitían.

Estivo a piques de marchar no barco, ata que apareceron eles e ela, e impedíronlle que se fose.

El baixou do barco e eles, ou sexa, o pai dela e o tío del leváronse ben para sempre; e eles dous, tamén.

Borja

Pérez II. O rato dos teus sonhos

O xoves cinco de novembro do dous mil nove, os de 5º e 6º de primaria fomos ver "Pérez II. O rato dos teus sonhos" ó cine Dúplex.

A película trata dun neno chamado Lucas que non cre na maxia. Lucas quería saber como facía o rato Pérez para cambiar os dentes por moedas e como chegaba a tempo á casa de todos os nenos antes de que espertasen.

Foi esta curiosidade a que fixo que o rato Pérez caese nas mans do empresario Gil Penkoff. Este pretendía utilizar o rato para facerse inmensamente rico. Pero Lucas xunto a súa irmá e os seus pais conseguiron rescatar o rato a tempo. Gil Penkoff foi detido pola policía por asalto a propiedade privada para roubar algo que nin sequera existía.

Andrea

UNHA VISITA: XABIER DOCAMPO



Xabier Docampo é un escritor famoso e un home simpático, gracioso, divertido, agradable, ten o humor da retranca...

Veu ó noso colexio para dar unha charla sobre os libros, de case dúas horas.


Divertímonos moito con el e contounos un xogo que inventara, que trataba de meter na boca unha bolboreta e inchar as meixelas para sentir cóxegas. Falamos dos moitos libros que escribiu. Nós lemos "A casa da luz", que é moi bonito.

Na fotografía podeades vernos falando con el.



A HORA DE LER

Este ano no colexio facemos a "Hora de ler". Consiste en ler vinte e cinco minutos na clase e todos ó mesmo tempo, despois de entrar do patio. Cada un colle o libro que quere; ás veces collemos todos o mesmo para lermos en voz alta. Apuntamos nunha ficha os libros que lemos. Aquí está o que leu cada quen.
 Verónica e Aarón



AS LETRAS GALEGAS

Uxío Novoneyra, a quen se lle dedicou este ano o Día das Letras Galegas, non foi unha persoa calquera, senón un poeta moi famoso en Galicia. Viviu no Courel, unha serra moi bonita que está na provincia de Lugo.

Os seus poemas eran diferentes ós demais, como por exemplo:

*Courel dos tesos cumes que se ollan de lonxe!
 Eiquí síntese ben o pouco que é un home...*

A el gustáballe o galego. Sentaba nalgún sitio e pasaba toda a tarde pensando en intentar facer algún poema; aínda que só fosen dúas liñas.

Talía



DURANTE ESTE CURSO A BIBLIOTECA VOLVEU ESTAR CHEA DE NENOS, NENAS, XOGOS, CONTOS, LECTURAS... MOITAS ACTIVIDADES. DÉIXOVOS AQUÍ ALGUNHAS FOTOS PARA QUE AS LEMBREDES.



RECIBIMOS NOVOS LIBROS CHEOS DE HISTORIAS MARABILLOSAS OU CON INFORMACIÓN MOI INTERESANTE.





UXÍO NOVONEYRA
DÍAS DAS LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2010

LETANIA DE GALICIA

GALICIA algo era un di	GALICIA
GALICIA dactinos bolbos	GALICIA
hoxe que non caben máis	GALICIA
a nada	matemos

GALICIA da dor
GALICIA da tristura
GALICIA da silencio
GALICIA da fame
GALICIA abandonada
GALICIA abandonada
GALICIA abandonada

libro pra avarer
libro pra avarer
libro pra avarer
libro pra avarer
libro pra avarer
libro pra avarer

recollidos de TERESA
recollidos de TERESA
recollidos de TERESA

en varios vertedores que fizo a poesía
recollidos por varios vertedores que fizo a poesía
para que do nada se vira a poesía a poesía
para que do nada se vira a poesía a poesía
para que do nada se vira a poesía a poesía

substancia que é o poder do poder
substancia que é o poder do poder
substancia que é o poder do poder

1968

Exposición de portadas de Buxaina.
Elaboración da portada A Buxaina.
Elaboración do libro de Buxaina a cargo do grupo de Biblioteca.
Exposición sobre Novoneyra.

Viñeta, 14 de maio
10:30 h.
Reserva de praza.
Presentación de portadas sobre Novoneyra.
Exposición de portadas "Gallegos do mar".
Reserva de praza de Gallegos.
11:30 h.
Reserva de praza popular.

CEIP Manuel Masdiás - 2010
GRUPO DE BIBLIOTECA
CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

GALLAECIA CEIP MANUEL MASDIÁS
Cantón - Ferrol

Martes, 9 de febreiro

PEPE CARREIRO

Debuxante.
Autor dos libros da colección "A NOSA HISTORIA",
que empregamos para o proxecto GALLAECIA.
E tamén dos da colección "OS BOLECHAS".

PROGRAMA

10 h.- Percorrido pola obra do autor. Na sala de Usos Múltiples. Todo o alumnado.
10:45 h.- A historia de Galicia. Na sala de Usos Múltiples. 2º e 3º ciclos de EP
12 h.- Castrexos, romanos e viquingos: como vivían. Na Biblioteca. Ed. infantil e 1º ciclo de EP.



VISITÁRONNOS AUTORES RECOÑECIDOS, QUE NOS ANIMAN A SEGUIR TRABALLANDO PARA MELLORARMOS AS NOSAS CAPACIDADES LECTORAS.

XABIER DOCAMPO E PEPE CARREIRO ACHEGÁRONNOS AS SÚAS OBRAS E FALÁRONNOS DAS SÚAS EXPERIENCIAS ARREDOR DOS LIBROS.



Xabier Docampo

TIVEMOS UN NOVO CONCURSO DE ADIVIÑAS NO QUE PARTICIPARON UNHA MOREA DE NENOS E NENAS.



HOUBO UNHA ENTREGA DE PREMIOS ÓS QUE MÁIS ADIVIÑARON E AGASALLOS PARA TÓDOLOS PARTICIPANTES.



Pepe Carreiro



Premios



Ánxela contando un conto



Atendéndolle ó conto



Paxina a cargo do grupo de Biblioteca

UXÍO NOVONEYRA

**SERRA ABERTA!
INTENSA ANTIGA ERENCIA!**

DE TANTO CALAR YA (ALO EU SOLO.

COUREL dos teus cumes que ollan de lonxe!
Esque simbre ben o gozoa que é un home!

DEITADO sin forzas e sin ganas
de me erguer
nin de estar na cama
nada me chama dentro nin fora.
Os ollos teus
unha ollada longa sin ida nin volta...

ESTA tarde o aire é mico amigo.
Vourome seguindo sembro.
Si o aire quer
cheparlin a non ser ninqueto.

CHOVE
non seia decid'onde nin pira onde...

NO quedo da tarde
olló longo lembrando choivas d'antes.

A CASA DE PARADA
A casa de pedra e cal vella
solaina e ventanais pra'terra-
feta fai cen anos á miña maneta!

PALA a tarde haxiño
i o corazón sinto...

EU a ollar pra lume
i o lume a ollarm.
O lume sin queimarme
fai de máis lume...

ANDO limpando a casa de cadarros e estas
lucernas e lates sin decidir achabazo.
Ando a tocarlle as mozas os antepasados...

COUSOS do lobo!
Cahorros de xabarin!
Eidos solos
onde estegan fol sin ha di!

CAIN as falas:
Sinto unha cousa
que se apunta en mim e ao sac boch...

QUEN na outa tarde
anduro a castar o arco
sabe que a soubra e anís
que unha lene'escurecidi.

O arco lei unha coara
que sin perde se un a conta.

GALLICIA, será a miña serración que te salva?
Irei un día da Cozrel á Compostela por terras libradas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútil.

E' NA hora de que señas toda patria dos teus
dus que gardaron a fala en que máis se diño adrus
e señas dona de ti e señora de falar
señora de decidir e dona de se negar.

E' INDA É NOVA A TERRA!

CEIP MANUEL MASDIAS - PERDOL
EQUIPO DE BIBLIOTECA
EQUIPO DE INVESTIGACIÓN E COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Póster sobre Uxío Novoneyra - Letras Galegas

ASÍ VESTÍAN...

OS CASTREXOS

Os castrexos non eran altos e loiros como se pensa, senón máis ben baixotes e morenos. Os homes gastaban barba e bigotes, vestían saias curtas, tabardos de pel de carneiro e polainas nas pernas. As mulleres cubríanse con prendas de pel e túnicas longas até os pés, e tanto uns como outros enfeitábanse con alfaías.

OS ROMANOS

Os soldados romanos levaban armaduras de coiro e de metais. Na Roma imperial era moita a xente que se podía permitir o luxo de vestir ostentosamente: algodón da India e sedas de Oriente, adobiadas con ouro e pedras preciosas.

OS VIQUINGOS

Os viquingos, pobo de mariñeiros, vestían con peles e levaban cascos e escudos de madeira para os combates. Máis ben eran coñecidos co nome de normandos, xente do norte. E aí aínda vai ben frío...

Póster sobre os vestidos para "Gallaecia"

ESPERO SEGUIR CONTANDO COAS VOSAS VISITAS O VINDEIRO CURSO E QUE LEMBREDES QUE TAMÉN PODEMOS FACER LECTURAS BEN REFRESCANTES POLO VERÁN.

COMO DESPEDIDA QUERO POÑERVOUS A CAVILAR NUNHA NOVA ADIVIÑA:
"TEN FOLLAS E NON É VEXETAL,
TEN LOMBO E NON É ANIMAL,
SABE MOITO E NADA FALA.
¿SABES TI COMO SE CHAMA?"



Anuncio Xabier Docampo

“WHO IS WHO?”



	Favourite t.v. programme: PATITO FEO
	Favourite sport: HOCKEY
	Favourite Singer: LAS DIVINAS
	Favourite colour: ORANGE
	Lucky number: 3
	Favourite subjects: ART, MATHS
11	Best friends: SERGIO, DESSI
Who am I?	Favourite song: ANTONELLA



	Favourite t.v. programme: CAMP ROCK
	Favourite sport: TENNIS
	Favourite Singer: SELENA GOMEZ
	Favourite colour: ORANGE
	Lucky number: 7 SEVEN
	Favourite subjects: MUSIC, MATHS
12	Best friends: JESSICA, PAULA
Who am I?	Favourite song: STAR STRUK



	Favourite t.v. programme: THE SIMPSONS
	Favourite sport: SWIMMING
	Favourite Singer: LADY GAGA
	Favourite colour: PINK
	Lucky number: SEVEN
	Favourite subjects: ENGLISH AND MUSIC
13	Best friends: ALBA, JESSI AND PAULA
Who am I?	Favourite song: TELEPHONE



	Favourite t.v. programme: PATITO FEO
	Favourite sport: HOCKEY
	Favourite Singer: AMIGOS
	Favourite colour: BLUE
	Lucky number: SEVEN
	Favourite subjects: MUSIC, GALICIAN
14	Best friends: DESIREE
Who am I?	Favourite song: AMIGOS DEL CORAZON



“WHO IS WHO?”



5

Who am I?

Favourite t.v. programme: PATITO FE0
 Favourite sport: GINNASTIC
 Favourite Singer: SELENA GOMEZ
 Favourite colour: PINK
 Lucky number: TWENTY
 Favourite subjects: MUSIC AND ART
 Best friends: DIANA AND PAULA
 Favourite song: BABY



6

Who am I?

Favourite t.v. programme: DISNEY CHANNEL
 Favourite sport: FOOTBALL
 Favourite Singer: MILEY CYRUS
 Favourite colour: YELLOW
 Lucky number: 3.
 Favourite subjects: ENGLISH AND MATHS
 Best friends: MICHELLE AND PAULA.
 Favourite song: BURNING UP



7

Who am I?

Favourite t.v. programme: CARS
 Favourite sport: FOOTBALL
 Favourite Singer: WISIN I YANDEL
 Favourite colour: BLUE
 Lucky number: SEVEN (AND) P. EDUCATION
 Favourite subjects: MATHS → ↑
 Best friends: ALBA, JORGE AND ELOI
 Favourite song: REGAETON



8

Who am I?


Favourite t.v. programme: CARS
 Favourite sport: FOOTBALL
 Favourite Singer: PORTA
 Favourite colour: BLUE
 Lucky number: NINE
 Favourite subjects: P. EDUCATION AND MATHS
 Best friends: ALBA, JORGE AND ELOI
 Favourite song: PORTA



“WHO IS WHO?”



9	Favourite t.v. programme: THE SIMPSONS
	Favourite sport: FOOTBALL
	Favourite Singer: AEDC
	Favourite colour: GREEN
	Lucky number: SEVEN
	Favourite subjects: MATHS, MUSIC
	Best friends: GERSON, JOSÉ
Who am I?	Favourite song: ROCK



10	Favourite t.v. programme: THE SIMPSONS
	Favourite sport: FOOTBALL
	Favourite Singer: AEDC
	Favourite colour: BLUE
	Lucky number: TWELVE
	Favourite subjects: P.E., MUSIC
	Best friends: YOEL, JOSÉ
Who am I?	Favourite song: ROCK



11	Favourite t.v. programme: PATITO FE0
	Favourite sport: TENNIS
	Favourite Singer: SELINA GÓMEZ
	Favourite colour: BLUE
	Lucky number: THREE
	Favourite subjects: MUSIC, MATHS
	Best friends: MICHELLE, ALBA
Who am I?	Favourite song: ANTONELLA




12	Favourite t.v. programme: CUARTO MILENIO
	Favourite sport: BASKETBALL
	Favourite Singer: MANA'
	Favourite colour: ORANGE
	Lucky number: THIRTEEN
	Favourite subjects: MATHS, GALICIAN
	Best friends: SANDRA, FINA
Who am I?	Favourite song: HOTEL CALIFORNIA

UXÍO NOVONEYRA

DÍAS DE LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO DE 2010



Letanía de Galicia

LETANÍA DE GALICIA

GALICIA digo eu un día
 GALICIA decimos todos
 hasta os que calan din e saben

GALICIA da door chora
 GALICIA da tristura triste
 GALICIA do silencio calada
 GALICIA da fame emigrante
 GALICIA vendada cega
 GALICIA tapeada xorda
 GALICIA atrelada queda

libre pra servir libre pra servir
 libre pra non ser libre pra non ser
 libre pra morrer libre pra morrer
 libre pra fuxir libre pra fuxir

GALICIA labrega GALICIA labrega
 GALICIA mariñeira GALICIA mariñeira
 GALICIA obreira GALICIA obreira

GALICIA irmandiña GALICIA irmandiña
 GALICIA viva inda GALICIA viva inda

recóllote da TERRA estas rúas, onde
 recóllote do PUEBLO estas rúas, onde
 recóllote da HISTORIA estas rúas, onde

recóllote i ergue o verbo e o verbo
 no verbo verídico que fala e que fala
 recóllote pros nos que vivon en terra
 pros que inda non se foron a rúas, a rúas
 pros que saben que ti podes ser unha cousa
 pros que saben que o home podes ser unha cousa

sabemos que ti podes ser unha cousa
 sabemos que o home podes ser unha cousa

1968

Exposición de portadas d'A Buxaina.
 Elaboración da revista A Buxaina.
 Elaboración colectiva dun libro xigante
 arredor de Novoneyra.
 Exposición sobre Novoneyra.

Venres, 14 de maio
 9:30 h.
 Recital poético.
 Proxección d vídeo sobre Novoneyra.
 Entrega de premios "Galeg@ do ano".
 Karaoke con pezas de Leticia.
 11:30 h.
 Xornada de xogos populares.



Novoneyra no CP Punta Anxela - Ferrol



UXÍO NOVONEYRA



**SERRA ABERTA!
 INTIMENSA ANTIGA ERENCIA!**

COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!
 Elqui síntese ben o pouco que é un home...

ESTA tarde o aire é meu amigo.
 Voume sumindo sumindo.
 Si o aire quer
 chegareih a non ser ningúnén.
 Os ollos tein
 unha ollada longa sin ida nin volta...

DETADO sin forzas e sin ganas
 de me erguer
 nin de estar na cama
 nada me chama dentro nin fora.
 Os ollos tein
 unha ollada longa sin ida nin volta...

DE TANTO CALAR XA FALO EU SOLO.

GALICIA, será a miña xeración quen te salve?
 Iret un día do Courel a Compostela por terras libradás?
 Non, a forza do noso amor non pode ser inútil.

É xa hora de que señas toda patria dos teus
 dos que gardaron a fala en que mais se dixo adeus
 e señas dona de ti e señora de falar
 señora de decidir e dona de se negar:

COISOS do lobo!
 Caborros do xabarín!
 Eidos solos
 onde ningúnén foi nin ha d'ir!

QUEEN na outa tarde
 anduvo a catar o aire
 sabe que a sombra é mais
 que unha lene escuridade.
 O aire ten unha cousa
 que se perde se im a conta.

Eu a ollar pro lume
 i o lume a ollarme.
 O lume sin que maime
 fai de min lume...

FALA a tarde baixiño
 i o corazón sintonco...
 ANDO limpando a casa de cacharros e trastos
 lacenas e fapos sin deikar rechubazo.
 Ando a tocarlle as maos ás antepasadas...

CHOVE
 non seim desaf'onde nin pra onde...
 No quedo da tarde
 ollo longo nembrando choivas d'antes.

A CASA DE PARADA
 A casa de pedra e cal vella
 -solaina e ventanas pra serra-
 feita fai cen anos á miña maneira!

... É INDA E NOVA A TERRA!

CEIP MANUEL MASOÍAS - FERROL
 EQUIPO DE BIBLIOTECA
 EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ΒΝΧΧΥΑ



№ 56 - ΧΥΝΟ 5010

CEIP MANUEL MASDIAS



Verónica Couto Pereira - 2º



Álvaro Castiñeira Carro - 6º

Adrián Barcia Mosquera - 4 anos



José A. Castro Lagares - 5º

